

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES DO 20 AO 24 DE ABRIL.

- Lectura do conto “Pájaro Amarillo”  
<https://www.youtube.com/watch?v=VCgVZ9j94EI>  
Despois da lectura, responde as seguintes cuestións:
  - Cantos paxaros diferentes hai? Cóntaos e escribe o número que corresponde. Tamén podes escribir os seus nomes.
  - Con cantos animais compartiu o seu invento? Cóntaos e escribe o número que corresponde. Podes escribir os seus nomes.
  - Colle plastilina, lapis e papel ou o que prefiras, e crea a Pájaro Amarillo. Revisa ben como é, e as partes do corpo que ten: pico, ás, patas...
  
- Crear unha casiña para os paxaros. (Podedes enviarnos unha foto da casiña e as publicaremos na páxina web para que todas e todos as vexamos). Despois de elaborala buscar algunha ventá na que a podamos poñer e observar si ven algún paxaro a visitarnos. Podedes sacarlle unha foto ou facer un debuxo do paxaro.  
<https://www.mismanitasblog.com/casa-para-pajaros/>  
  
<https://fiestasycumples.com/casa-de-pjaros-con-brick-de-leche/>  
Outros comedeiros para paxaros:  
<https://remedioscaseros10.com/es/comederos-para-pajaros/>
  
- escoitar diferentes cantos dos paxaros. Soan todos iguais? Podes intentar imitalos, como cantan e como voan.  
<https://www.canto-pajaros.es/alfabetica/>
  
- Elaborar un ramo de flores coas mans, para decorar a casa, a ventá... Podes decorar cada man como se fose unha flor diferente, utilizar diferentes utensilios, podes pegar papeis, boliñas de plastilina, anacos de tea, legumes...  
<https://www.pinterest.es/pin/89579480071631789/>  
<https://www.pinterest.es/pin/72057662776640319/>
  
- Lembra revisar a semente que plantaches a semana pasada, que tal está? Creceu un pouco ou moito? Xa se lle ven as follas? Podes facer un debuxo, anotar a data do día no que fas o debuxo e así, a próxima semana podes comparar o que creceu.